

INTERVENCIÓN XERAL. Segundo informe 23-2/2018 Expediente cividas 2018027259

OBXECTO DO EXPEDIENTE: Informe de control financeiro permanente da proposta de modificación das ordenanzas reguladoras do servizo de subministro de auga potable, de forma que se incorpore ao ordenamento municipal o seu carácter de prestación patrimonial de carácter público non tributario,

ANTECEDENTES

Incorpórase ao expediente a seguinte documentación:

- Informe proposta do servizo de facenda co informado e conforme de secretaría
- Proxecto do novo articulado da ordenanza reguladora da tarifa de auga.
- Novo proxecto correxido coas observacións do informe 23/2018

CONSIDERACIÓNS

Reitéranse as consideracións do informe anterior:

“Este informe de control financeiro permanente emítese por esixencia dos artigos 3.4, 29 e 32 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local e no artigo 4.1.b) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local co habilitación de carácter nacional.

1. Verificación dos aspectos procedimentais.

A entrada en vigor da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común engadou, no seu artigo 133, un requisito mais ao réxime de aprobación das ordenanzas municipais, consistente na consulta pública aos cidadáns a través do portal web do Concello e outras medidas participativas. Sen embargo, esta trámite aplícase só para as ordenanzas de novo establecementos, no para as adaptacións como é a que nos ocupa.

Procede agora a aprobación inicial das ordenanzas polo Pleno (art. 22.1.d) Lei 7/1985 de 2 de abril), por maioría simple, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións, a aprobación definitiva e a publicación no BOP para a súa entrada en vigor, en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E preceptivo o informe da Comisión de prezos da Comunidade Autónoma.”

2. Verificación do contido da ordenanza pola tarifa de saneamento.

Verifícase que foron corrixidas as observacións do informe anterior, de xeito que apróbase unha ordenanza completa reguladora da tarifa que derroga a anterior ordenanza fiscal, anúlase o anterior contido do artigo 2.1 parágrafo segundo referido a exclusión das casa non ocupadas e corríxense os outros aspectos formais.

CONCLUSIÓN:

Infórmase favorablemente a proposta de aprobación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario correspondente aos servizo de subministración de auga potable.